

MIMOSAS

[Oliver Laxe, 2016]

OS OLLOS VERDES
ESTREA EN NUMAX: 05.01.2017 | v.o.s.g. | +7

FICHA TÉCNICA
Mimosas (2016, 96')
Dirección: Oliver Laxe
Guión: Oliver Laxe, Santiago Fillol
Reparto: Ahmed Hammoud, Shakib Ben Omar, Saïd Aagli, Ikram Anzouli, Ahmed El Othemani, Hamid Fardjad
Fotografía: Mauro Herce
Montaxe: Cristóbal Fernández
Son: Amanda Villavieja, Emilio García
Mestura e montaxe de son: Emilio García
Coprodución: Lamia Chraïbí, Michel Merkt, Nadia Turincev, Julie Gayet
Produción: Felipe Lage Coro
Produtora: Zeitun Films (España), La Prod (Marrocos), Rouge International (Francia)
Distribución para España: NUMAX Distribución
Idiomas orixinais: Árabe
Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

FILMOGRAFÍA
Todos vós sodes capitáns (2010)
París #1 (2008) [curtametraxe]
Suena la trompeta ahora veo otra cara (2007) [curtametraxe]
Grrr! N°7: y las chimeneas decidieron escapar (2006) [curtametraxe]

FESTIVAIS
Cannes 2016 (Gran Premio Semaine de la Critique), Sevilla 2016 (Premio Especial do Xurado, Mención Especial ao Mellor Son e Montaxe), Cairo 2016 (Mellor Filme e Mellor Actor —Shakib Ben Omar—)

SINOPSE
Unha caravana atravesa as montañas do Atlas marroquí coa misión de conducir ao patriarca moribundo ao pobo onde naceu, no que espera atopar ao fin repouso. A viaxe preséntase chea de incógnitas, pero Ahmed e Saïd, dous buscavidas, aseguran coñecer o camiño. Noutro lugar, se cadra noutra época, Shakib, bufón entre os taxistas, é recrutado coa encomenda de vixiar a caravana e asegurar que a viúva do patriarca vexa cumprida a promesa da tribo.

“Cinema mestizo, cinema envelenado de vertixe”

Luis Martínez, EL MUNDO

OS OLLOS VERDES: OLIVER LAXE

MIMOSAS + AULA OS OLLOS VERDES

«*Mimosas*, unha música de pasos e de libros»

SÁBADO 14 DE XANEIRO DE 2017, 11:30
Entrada: 3€
Duración estimada: 2 horas

Fotografía: Carlos Pérez Marín



“Toda cultura componse dunha mestura de identidades”

Nicolas Rapold
Film Comment

Na presentación de *Mimosas* distinguiches entre fe e relixión. Pertenzo a unha xeración de persoas que somos libres de confrontar a relixión e a espiritualidade sen ningún medo. Sentímonos a gusto. Mais non confiamos neste mundo. Para min, relixión, espiritualidade e fe son a mesma cousa: arte.

Daquela a arte pode ser unha práctica espiritual. Para min é un acto relixioso. Que é a relixión? Cal é a etimoloxía da palabra *relixión*? *Religare*: xuntar, unir. Neste filme eu estou a unir todo o tempo. Por suposto fíxeno nunha latitude musulmá, nun país musulmán, mais profundei tanto na súa esencia que calquera persoa doutra cultura ou acervo cultural pode entender e identificarse con ela. A estrutura ou a xeometría do corazón humano é a mesma aquí ca en... de onde es?

Nova York. Se cadra non hai corazón en Nova York. Haino, haino! [risas] Hai moitos corazóns en Nova York e onde queira que vaías.

A presenza da espiritualidade no filme é poderosa, mais ao tempo que poder ser inspiradora tamén pode intimidar. Pódenos falar de Shakib, o personaxe que pode considerarse bendicido? É unha caste de espírito anxelical. É un personaxe moi inocente e puro. Non dá medo. É un home cun neno dentro, entendes? Similar ao personaxe dun filme manga, ao *Idiota* de Dostoievsky, o Quixote ou Nasreddin Hodja, un arquetipo da cultura musulmá que representa o idiota sabio. É moi lúcido na súa falta de racionalidade ou consciencia. O seu personaxe lexitimoume a falar dunha maneira lixeira dun tema como a fe, do que é difícil falar hoxe en día.

Ás veces no filme a ausencia da palabra expresa máis significados. Exactamente. Ese era o reto do filme, acadar certa verdade, unha verdade cinematográfica, evocar o misterio, o inefábel. E esa, coido, é unha das cuestións que os meirandes cineastas tentaron apreixar. Temos unha chea de exemplos no pasado: Tarkovsky, Dreyer, Ozu, Bresson. Como introducir o

NA LIBRARÍA NUMAX
OS LIBROS DE OLIVER LAXE

Anéctodas y enseñanzas de santos sufís, Hasan Bize (Ed.) SereSeres, 2011
De la patience et de la gratitude, Al-Ghazâlî. Albouraq, 2012
La dimensión terapéutica de la música en el sufismo, Jordi Delclòs Casas. Mandala, 2011
L'imagination créatrice dans le soufisme d'Ibn' Arabî, Henry Corbin. Entrelacs, 2006
La luz que viene de Occidente, Daryush Shayegan. Tusquets, 2008
Despedidas elegantes, VVAA. La liebre de marzo, 2012
Futuwwah. Traité de chevalier soufie, Al-Sulamî. Albain Michel, 2012
Carácter y neurosis, Claudio Naranjo. La llave, 2011
Floreccillas de San Francisco / Vida del hermano Junípero. Cátedra, 2008
El fruto de la nada y otros escritos, Maestro Eckhart. Alianza, 2011
Poemas sufíes, Yalal al-Din Rumi. Hiperion, 1997
Adonis. Sufismo y surrealismo. Oriente y Mediterráneo, 2008
La visión abierta. Del mito del Grial al surrealismo. Victoria Cirlot. Siruela, 2010
Le Règne de la Quantité, René Guénon. Gallimard, 2015

MIMOSAS

[Oliver Laxe, 2016]

BIOFILMOGRAFÍA

Fillo de emigrantes galegos, **Oliver Laxe** nace en París en 1982 e vive desde os seis anos na Coruña. Despois de estudar cinema na Universidade Pompeu Fabra de Barcelona vive en Londres, onde realiza en 2006 a súa primeira curtametraxe, *Grrrr! N°7: y las chimeneas decidieron escapar*. Ese mesmo ano múdase a Tánxer, Marrocos, un país que imprimirá unha marca indelével na obra do autor. Alí realiza a súa segunda curta, *Suena la trompeta, ahora veo otra cara*, e imparte clases de cinema nunha asociación de acollida de menores. Aproveitando o regreso a Galicia durante as vacacións de 2008 asina *París#1*, curtametraxe fundacional do Novo Cinema Galego, premiada en Play-Doc e seleccionada en Las Palmas, L'Alternativa e BAFICI. En 2010 realiza a súa primeira longa, *Todos vós sodes capitáns*, imponente aleación de documental e ficción coa que fai historia ao acadar o premio FIPRESCI na Quincena de Realizadores de Cannes. Seis anos tiveron que pasar para que se materializase o proxecto de *Mimosas*, obra capital do cinema español contemporáneo aclamada por crítica e público no Festival de Cannes, onde obtén o Gran Premio Nespresso da Semana da Crítica, e no Festival de Sevilla, onde recibe o Premio Especial do Xurado e mencións especiais á mellor montaxe e son. E isto non fixo máis ca comezar. O futuro pertécelle a Oliver Laxe.



inefábel na linguaxe cinematográfica. E eu son dos que pensa que se pode facer en forma de paradoxo. E así o fixen no filme.

O mundo espiritual non é lóxico, racional. O racional é un nivel da interpretación do mundo, mais non é o único. O problema chega cando é o único, cousa que acontece hoxe en día. Quería empregar estas ferramentas —a xeometría das imaxes— para crear a sensación de que hai algo por tras delas, que hai un eco deste misterio do inefábel. Mostrar esa relixión non é algo exotérico senón máis ben esotérico. Ese é un dos problemas das relixións hoxe. Co secularismo as relixións fixéronse moi materiais, só teñen o aspecto exotérico e literal, mais non o cariz esotérico que completa a relixión. Esa é unha das razóns polas que está en crise hoxe.

É interesante que empregues a palabra xeometría. Unha das imaxes máis potentes do filme é aquela dos coches acelerando a través do deserto creando liñas definidas na area. É unha caste de arquetipo. Non son coches. Séntese algo. Están antropomorfizados. É como *El diablo sobre ruedas* de Spielberg.

Como foi o traballo co teu elenco á hora de expresar a relevancia do material do filme? Son amigos meus desde hai dez anos. Teño amigos fabulosos daquela, para que empregar actores? É moi lóxico non? [risas] Eles emociónanme e eu quería compartir esa sensación. Para min son milagres. Cando atopo unha fonte de algo puro e fermoso sinto a necesidade de coidalo e compartilo. Como calquera cineasta emprendín unha radiografía espiritual da alma para entender o que me emociona



e por que. Fiquei prendado de Ahmed Hammoud, do seu misterio, o seu pano, o seu silencio. É moi amigo meu e o seu personaxe é escéptico mais cun gran corazón.

Canto a Shakib, cando escribín o guión sabía que poñer a Shakib nun cabalo cunha espada de plástico ía funcionar: «Vounos matar a todos! Son un heroe!» [risas] El non sabe ler. É difícil traballar con el. Non é alguén ao que lle poidas pasar un guión para que o estude. Non sabe actuar. Ten que ser el propio.

Daquela como traballastes? Estiven canda el, introducino na historia. El adora os filmes de acción.

Converterse nun heroe. Si, gústalle iso, e os contos de cabalería, ser un cabaleiro espiritual. Na tradición do Rei Arturo o da busca do Santo Grial. Temos un conto épico, unha aventura física e tamén metafísica.

Semella interesante a idea de mesturar tradicións, dos contos de cabalería ao relato sufi. A tradición do conto de cabalería vén do Islam. A orde sufi inspirou os místicos españois e tamén a outros místicos europeos. Nas Cruzadas loitaron, por suposto, mais tamén intercambiaron ideas. San Francisco de Asís intercambiou moito cos místicos sufís. A relixión é unha mestura. Non creo que haxa relixións independentes. Estamos mesturados, somos fillos de xudeus, musulmáns...

E hoxe os tempos mudaron. A globalización non é só situar empresas en Tailandia ou Bangladesh. É tamén unha oportunidade de viaxar en diferentes niveis, a través da arte e a espiritualidade.

Temos esa consciencia mestiza, híbrida. A cuestión é que somos todos artistas. Confío na identidade, por suposto, mais cando es un artista ves que toda cultura se compón dunha mestura de identidades. Quixote, Shakespeare, unha chea de intercambios.

Como gravaches o filme? Empreguei a Arri 416 e gravamos en Super 16 milímetros. Realmente coído que podemos facer cinema independente nun contexto industrial e interésame moito o cinema independente americano dos setenta, cando os estudos se interesaron en poñer diñeiro nos filmes de Monte Hellman e outras obras do momento. Quería conservar este espírito, cos coches tamén. Un toque americano, de rock’n’roll, moi pop. Quería coller prestado e mesturar.

“En Marrocos atopo o pasado, presente e futuro do ser humano”

Alfonso Rivera
Cineuropa.org

Debeu ser complicada a rodaxe no Atlas... Foron cinco semanas de filmación, con extras e cabalos. Non tiñamos experiencia e todo saíu ben, aínda que foi moi duro, con traslados



AULA OS OLLOS VERDES

«*Mimosas*, unha música de pasos e de libros»

SÁBADO 14 DE XANEIRO DE 2017, 11:30
Entrada: 3€
Duración estimada: 2 horas

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org